

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 10 DE OUTUBRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 09:10 horas do día 10 de outubro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 8 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Secundino Otero Faílde (asiste a todos os puntos agás o 2b, 3a, 8b, 9b e 10d)
D. José Ángel Otero Lamas como suplente de D. Jerónimo Centrón Castaños (asiste aos puntos 3a, 8a, 9a e 10c)
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste aos puntos 8b, 9b e 10d)
D^a. Begoña Arranz González (asiste aos puntos 2b e 4b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta do 21 de setembro de 2018**

Apróbbase a acta do 21 de setembro de 2018 cos votos de D^a. María Jesús Lago Rey, D^a. María Isabel Fernández Gabriel e D^a. Olga Gómez Corbal.

b) Acta do 1 de outubro de 2018

Apróbbase a acta do 1 de outubro de 2018 cos votos de D^a. María Isabel Fernández Gabriel, D^a. Olga Gómez Corbal e D. Secundino Otero Faílde.

c) Acta do 3 de outubro de 2018

Apróbbase a acta do 3 de outubro de 2018 cos votos de D^a. María Jesús Lago Rey, D^a. María Isabel Fernández Gabriel, D^a. Olga Gómez Corbal e D. Secundino Otero Faílde.

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e**

transformación do contorno urbano da Gran Vía – entre a rúa María Berdiales e a rúa Venezuela (76-441) (emenda da documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 3 de outubro de 2018, o 5 de outubro, se concedeu un prazo de tres días á UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L. para que puidera emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) (faltaba compromiso de constitución da UTE).

Durante o prazo concedido a UTE presentou a documentación requirida. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento á UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro na súa modalidade de adquisición para a mellora da eficiencia enerxética. Renovación de elementos de iluminación viaria (50.730-444) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 1 de outubro de 2018, o 3 de outubro, se concedeu un prazo de tres días a ESELED CONSULTING, S.L. para que puidera emendar a documentación presentada (formato do arquivo incorrecto).

Durante o prazo concedido, o licitador presentou a documentación. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a ESELED CONSULTING, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

c) Procedemento aberto simplificado para a contratación por procedemento aberto simplificado do subministro de na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra de equipos e materiais auxiliares de obra para o taller de vías e obras (81.514-250)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:26	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AA46-E8A1A4-C3BFC4-CAPWYL-X75SUZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento a BAYGAR, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía – entre a rúa María Berdiales e a rúa Venezuela (76- 441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación por procedemento aberto simplificado do subministro de na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra de equipos e materiais auxiliares de obra para o taller de vías e obras (81.514-250)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Valoración da porcentaxe de desconto ofertado para os prezos unitarios do cadro de prezos do Anexo I das PPTP	Valoración da porcentaxe % de desconto ofertado para a determinación dos prezos unitarios sobre elementos non incluídos no Anexo I das PPTP
1	BAYGAR,S.L.	5%	5%

Non asiste público á apertura.

Ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP ("As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais ou desproporcionados de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:26	Páxina 3 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AA46-E8A1A4-C3BFC4-CAPWYL-X75SUZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula”) outórgase a BAYGAR, S.L. a seguinte puntuación:

Licitador	Valoración % desconto ofertado prezos unitarios do cadro de prezos do Anexo I do PPTP	Valoración % desconto ofertado para a determinación dos prezos unitarios sobre elementos non incluídos no Anexo I do PPTP	Puntuación total
BAYGAR, S.L.	85 puntos	15 puntos	100 puntos

Segundo o disposto cláusula 22 do PCAP, a Mesa, asistida polo Servizo de Contratación comproba no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia que a empresa está debidamente constituída, que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, non está incurso en ningunha prohibición para contratar e está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Realizada esta comprobación procede clasificar este procedemento e requirir ao licitador a documentación esixida na cláusula 22 do PCAP con carácter previo á adxudicación.

O Servizo de Contratación deberá comprobar que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro na súa modalidade de adquisición para a mellora da eficiencia enerxética. Renovación de elementos de iluminación viaria (50.730-444)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	INGENIERIA Y SERV. EFICIENCIA ENERGETICA, SL	DIELECTRO INDUSTRIAL, S.A.	DIGAMELSA	ESELED CONSULTING SL	SELVIGO	ENDESA ENERGIA SA	CHZ LIGHTING SPAIN SOCIEDAD LIMITADA	IMESAPI, S.A.
ud Lum led vial 20-40 W	22.43%	25.00%	13.00%	36.47%	28.38%	37.12%	25.00%	29.12%
ud lumled vial 40- 60 W	22.43%	30.00%	13.00%	38.76%	41.57%	41.99%	25.00%	35.67%
ud lumled Villa 35- 50 W ou similar	22.43%	3.00%	2.00%	3.86%	8.55%	2.72%	25.00%	2.24%
ud lumled Villa antivandalica 35- 50 W ou similar	22.43%	0.00%	1.00%	0.00%	0.00%	77.82%	25.00%	0.00%
ud lumStella 10- 50 W ou similar	22.43%	8.00%	1.00%	52.87%	3.47%	19.51%	25.00%	22.04%



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	INGENIERIA Y SERV. EFICIENCIA ENERGETICA, SL	DIELECTRO INDUSTRIAL, S.A.	DIGAMELSA	ESELED CONSULTING SL	SIELVIGO	ENDESA ENERGIA SA	CHZ LIGHTING SPAIN SOCIEDAD LIMITADA	IMESAPI, S.A.
ud módulo led Snap ou similar	22.43%	0.00%	1.00%	43.48%	37.28%	27.80%	25.00%	22.38%
ud proxector Grey 50-80 W ou similar	22.43%	0.00%	1.00%	0.00%	7.15%	22.04%	25.00%	0.00%
ud aplique led antivandalico 24	22.43%	40.00%	15.00%	26.42%	44.30%	34.24%	25.00%	48.24%
SAI RIELLO-ENERDATA Multi Sentry (MTS 30 KVA + baterías de PB-H para 10 min de autonomía) ou similar	22.43%	0.00%	1.00%	0.00%	0.00%	15.10%	25.00%	0.00%
ud brazo aceiro galvanizado	22.43%	20.00%	2.00%	17.78%	76.73%	4.89%	25.00%	0.00%
ud alargadeira aceiro galvanizado	22.43%	20.00%	2.00%	20.00%	34.89%	14.09%	25.00%	21.38%
ud columna aceiro galvanizado 3 metros	22.43%	0.00%	1.00%	18.94%	5.23%	10.69%	25.00%	4.47%
ud columna aceiro galvanizado 4 metros	22.43%	15.00%	5.00%	17.74%	20.14%	22.20%	25.00%	16.97%
ud columna aceiro galvanizado 6 metros	22.43%	10.00%	1.00%	3.23%	16.24%	21.14%	25.00%	4.89%
ud columna aceiro galvanizado 9 metros	22.43%	10.00%	1.00%	5.02%	13.87%	5.17%	25.00%	3.31%
ud columna aceiro galvanizado 10 metros	22.43%	15.00%	2.00%	7.99%	18.65%	10.42%	25.00%	16.74%
ud columna aceiro galvanizado 12 metros	22.43%	25.00%	3.00%	15.07%	28.02%	40.10%	25.00%	28.82%
ud poste de formigón 9 metros	22.43%	25.00%	5.00%	5.96%	10.41%	5.54%	25.00%	17.59%
ud columna Fernando VII 4,15 metros	22.43%	10.00%	3.00%	11.64%	15.34%	19.73%	25.00%	12.02%
ud columna Versailles ou similar 3,7 metros	22.43%	35.00%	15.00%	12.00%	39.53%	64.94%	25.00%	16.25%
ud Cuadro de mando trifásico para alumbrado público	22.43%	40.00%	15.00%	19.28%	27.86%	46.90%	25.00%	2.42%
ud Saída aérea trifásica	22.43%	40.00%	2.00%	10.00%	49.60%	5.26%	25.00%	77.99%



	INGENIERIA Y SERV. EFICIENCIA ENERGETICA, SL	DIELECTRO INDUSTRIAL, S.A.	DIGAMELSA	ESELED CONSULTING SL	SIELVIGO	ENDESA ENERGIA SA	CHZ LIGHTING SPAIN SOCIEDAD LIMITADA	IMESAPI, S.A.
ud acometida aérea trifásica	22.43%	40.00%	2.00%	10.00%	16.34%	5.26%	25.00%	69.27%
ud Cuadro de mando monofásico para alumbrado público	22.43%	38.00%	15.00%	16.41%	26.35%	49.91%	25.00%	0.00%
ud Saida aérea monofásica	22.43%	20.00%	2.00%	10.00%	27.01%	5.26%	25.00%	67.06%
ud acometida aérea monofásica	22.43%	20.00%	2.00%	10.00%	0.00%	5.26%	25.00%	59.11%
ud Electrodo tipo pica de Cu 2000x14.6 mm	22.43%	0.00%	3.00%	20.63%	0.00%	5.26%	25.00%	0.00%

Asiste á apertura D^a. María del Carmen Vila Comesaña, con DNI 36.086.911-A, en representación de IMESAPI, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Na mesma sesión, entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos do 10 de outubro de 2018 de valoración da proposición avaliable a través de fórmula coa proposta de clasificación, que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2017. Fase I. Lote 1 Vigo Leste e lote 2 Vigo Sur (68-441) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 5 de outubro de 2018 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (578-322) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe de Desenvolvemento local e Emprego o 4 de outubro de 2018 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:26	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AA46-E8A1A4-C3BFC4-CAPWYL-X75SUZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2017. Fase I. Lote 1 Vigo Leste e lote 2 Vigo Sur (68-441)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 5 de outubro de 2018 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (578-322)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe de Desenvolvemento local e Emprego o 4 de outubro de 2018 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación por procedemento aberto simplificado do subministro de na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra de equipos e materiais auxiliares de obra para o taller de vías e obras (81.514-250)

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación por procedemento aberto simplificado do subministro de na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra de equipos e materiais auxiliares de obra para o taller de vías e obras (81.514-250) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	BAYGAR, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BAYGAR, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 159.4 da LCSP):

- Acreditación da constitución garantía definitiva
- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 do Anexo I - FEC- do PCAP".

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro na súa modalidade de adquisición para a mellora da eficiencia enerxética. Renovación de elementos de iluminación viaria (50.730-444)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:26	Páxina 7 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AA46-E8A1A4-C3BFC4-CAPWYL-X75SUZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro na súa modalidade de adquisición para a mellora da eficiencia enerxética. Renovación de elementos de iluminación viaria (50.730-444) na seguinte orde descendente:

	Clasificación de orden	% de baixa
1	ENDESA ENERGIA SA	40,14
2	CHZ LIGHTING SPAIN SOCIEDAD LIMITADA.	34,41
3	ESELED CONSULTING SL	32,44
4	DIELECTRO INDUSTRIAL SA	32,38
5	INGENIERIA Y SERV.EFICIENCIA ENERGETICA,S.L.	32,16
6	SIELVIGO	31,99
7	IMESAPI, SA	27,38
8	DIGAMEL SA	20,30

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ENDESA ENERGÍA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2017. Fase I. Lote 1 Vigo Leste e lote 2 Vigo Sur (68-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2017. Fase I. Lote 1 Vigo Leste e lote 2 Vigo Sur (68-441) na seguinte orde descendente:

Lote nº 1:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:26	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AA46-E8A1A4-C3BFC4-CAPWYL-X75SUZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Clasificación de orden:	oferta
1	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	212.785,28 €
2	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S L	218.964,30 €
3	MISTURAS, S A	219.209,65 €
4	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L	230.739,74 €
5	CONSTRUCCIONES VALE, S L	236.504,80 €
6	CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S A	237.830,36 €
7	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU	241.899,52 €
8	NAROM, S L	243.225,07 €
9	NEMESIO ORDOÑEZ, S A	244.951,40 €
10	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S L	251.794,99 €
11	HORDESCON, S L	267.917,52 €
12	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	291.950,91 €

Lote nº 2:

	Clasificación de orden:	oferta
1	MISTURAS, S A	153.804,31 €
2	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	159.408,20 €
3	NEMESIO ORDOÑEZ, S A	159.582,63 €
4	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S L	162.431,33 €
5	CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S A	167.193,96 €
6	CONSTRUCCIONES VALE, S L	167.333,19 €
7	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU	174.689,26 €
8	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L	175.780,33 €
9	NAROM, S L	177.752,36 €
10	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S L	188.449,99 €
11	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	212.054,33 €

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U (lote nº 1) e MISTURAS, S.A. (lote nº 2), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

d) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (578-322)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:



“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (578-322) na seguinte orde descendente:

LOTE I "Apoio técnico"		Puntuación
Licitadores		TOTAL
ATELIER SOCIAL, S.L.		80,07
ATLANTIC PONTE 2000		79,40

LOTE II "Formación voluntarios e entidades"		Puntuación
Licitadores		TOTAL
ATELIER SOCIAL, S.L.		85,22
XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL		82,01
PILOT CCS SERVICE CONSULTANCY		66,01

Segundo.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, ATELIER SOCIAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:26	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AA46-E8A1A4-C3BFC4-CAPWYL-X75SUZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		